


ALICE'S ADVENTURE

5º B





O luns, día 20 de xaneiro, os cursos de 5º e 6º fomos ao Auditorio Municipal de Ourense a ver unha obra de teatro en inglés que se titulaba Alice's Adventure.

Ao entrar, sentámonos. Esperamos uns minutos e comezou a obra. Eramos nenos e nenas de moitos coles.

Ao principio apareceron dúas personaxes que eran as que contaban a historia. Ao cabo dun tempo, foron pedindo nenos e nenas polo público para axudar na presentación. Do noso cole colleron a un neno que fixo de coello, e botou té nos pratos!!! Non entendía nada do que lle dicían, xa que a obra era en inglés. Trataba dunha nena chamada Alicia que camiñaba polo País das Marabillas. Nunha mesa situada no centro do escenario, atopábanse tres ovos.

No primeiro ovo, no seu interior, atopábase un amorodo. quen o comera, transformábase nun monstro xigante asemellado a un dinosauirio. No segundo ovo, atopábase unha botella que se alguén bebía dela, facíase máis pequeno cunha formiga. No terceiro ovo, atopábase unha figura do videoxogo Mario Bros. Neste último ovo fixeron un xogo que consistía en asesinar a Bowser e rescatar á Raíña de Corazóns.

A obra foi espectacular pola súa música, o decorado, o vestuario, as risas e a participación do público. Pasámolo moi ben, aínda que houbo cousas que non as entendíamos. De todos os xeitos, foi unha moi boa experiencia.



ARTE... VAN GOGH 6º B

Vincent Willem van Gogh foi un pintor neerlandés, un dos principais expoñentes do postimpresionismo. Pintou uns 900 cadros e realizou máis de 1600 debuxos

